

Dirección Xeral de Formación Profesional Rede de
CIFP

Plan de Convivencia

Curso: 2023- 2024

CIFP: Paseo das Pontes

APROBADO POR:

- **Claustro extraordinario:** 27 de novembro 2023
- **Consello Social:** 4 de decembro de 2023



Índice

Índice	3
Capítulo I. DISPOSICIÓN XERAIS	3
1. Marco normativo.	3
2. Ámbito de aplicación	3
3. Axentes responsables.	4
3.1 Consello Social.	4
3.2 Claustro.....	4
3.3 Comisión de Convivencia	4
3.4 Equipo Directivo	6
3.5 Órganos de coordinación docente.....	6
3.6 Coordinación do Centro con familias e institucións.....	7
Capítulo II. Parte Dispositiva	7
4. Análise da Situación.....	7
4.1 Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia.....	7
4.2 Análise da situación	7
5. Obxectivos e actuacións programadas para o seu desenvolvemento	13
5.1 Obxectivos xerais.....	13
5.2 Obxectivos Específicos	14
5.3 Actuacións, medidas ou programas.....	15
6. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.....	17
7. Normas de convivencia do centro.	18
8. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento	19
9. Difusión do Plan	21
10. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.....	21
10.1 Seguimento e avaliación	21
10.2 Propostas de Mellora	21



Capítulo I. DISPOSICIÓN XERAIS

1. Marco normativo

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG n.º 17, do 27 de xaneiro) encomenda aos centros a elaboración dun Plan de Convivencia de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 4/2011 que recolle o seguinte texto:

“O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.”

Polo tanto a lei 4/2011 e o Decreto 8/2015 son o marco normativo para a redacción do Plan de convivencia que é o documento no que se concreta a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia: débúxanse as liñas xerais do modelo de convivencia do centro, establécense as normas que regularán as actividades de ensino aprendizaxe e decídense os obxectivos que orientarán a mellora no plano da convivencia do centro.

2. Ámbito de aplicación

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da comunidade educativa.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

3. Axentes responsables

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar e han de participar na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan e nas normas de convivencia, e velar pola aplicación do mesmo.

Ademais das funcións do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, recollidas no art. 10 do Decreto 8/15, dentro do CIFP, interveñen na elaboración do Plan e das normas de convivencia os seguintes órganos:



3.1 Consello Social

Funcións:

- Elixir ás persoas representantes da comisión de convivencia de acordo ao establecido no artigo 8.2 do Decreto 8/15.
- Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- Aprobar as modificacións do Plan de Convivencia que estarán incluídas dentro do Plan Anual do centro a través das addendas correspondentes.

3.2 Claustro

Funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propoñer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

3.3 Comisión de Convivencia

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e exerce as súas funcións por delegación do Consello Social do Centro, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do noso centro.

Composición:

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

A súa composición ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015 de Convivencia e, no noso Centro, ten a seguinte:



Nome	Posto
Pablo Sobrado Vázquez	Director do centro
Beatriz Crujeiras Pérez	Xefa da área de formación.
María Jesús Pantín Ruíz	Xefa do departamento de IOP
Trinidad Torreiro Anta	Coordinadora de convivencia
Lucas de las Heras Gutiérrez	Profesor-Titor de FP Básica (HOT)
Pablo Gómez	Profesor-Titor de FP Básica (TEXTIL)
Inmaculada Guijarro	Profesorado da FP Téxtil, Confección e Pel
María Antonia Pérez Iglesias	Profesora do departamento de FOL
Angela Vila	Representante do alumnado

Funcións

Desenvolve as seguintes funcións por delegación do Consello Social:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello social sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia: *constitución, calendario de reunións*

Terá, ao menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con



carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3.4 Equipo Directivo

Funci3ns (artigo 8 do Decreto 8/2015):

- a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisi3n deste, e así coma as demais competencias da comisi3n de convivencia, mentres esta non estea constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realizaci3n destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

Funci3ns (artigo 132 da Lei orgánica 2/2006):

- a) Garantir as condici3ns para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participaci3n do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediaci3n, a imposici3n de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, corresp3ndelle á direcci3n a imposici3n das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Funci3ns da xefatura de estudos en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acci3n titorial e de atenci3n á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediaci3n que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atenci3n educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organizaci3n e funcionamento do centro.

3.5 3rganos de coordinaci3n docente

Os 3rganos de coordinaci3n docente, no seu 3mbito competencial, ser3n responsables de incorporar nas s3as actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

A as medidas e os acordos do n3mero anterior ser3n recollidos pola comisi3n de coordinaci3n pedag3gica e polo resto dos 3rganos de coordinaci3n docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concreci3ns curriculares de etapa, para asegurar a



coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

3.6 Coordinación do Centro con familias e institucións

O Plan terá a suficiente difusión como para garantir que as familias dos menores e as institucións involucradas na comunidade educativa o coñezan. Estará publicado na páxina web e na aula virtual do CIFP.

Capítulo II. Parte Dispositiva

4. Análise da Situación

4.1 Ferramentas utilizadas no Diagnóstico do Clima de convivencia.

A diagnose do centro fíxose baseándose na observación directa do comportamento e clima da comunidade escolar, así coma na indirecta, a través do análise dos partes de incidencias, dos expedientes disciplinarios e das sancións impostas o curso pasado.

4.2 Análise da situación

Contorno socio-económico:

O municipio da Coruña ten unha poboación de 244.810 habitantes (INE 2014), o segundo de Galicia tras Vigo. Con todo, a cidade, con 215.227 habitantes, constitúe o núcleo urbano máis poboado de Galicia. A actividade económica está centrada maioritariamente no sector servizos. O seu sector secundario concéntrase fundamentalmente no Porto da Coruña e a refinería de petróleo de Repsol na Coruña. En canto ao lugar de nacemento da poboación residente na Coruña, case a metade naceron na mesma cidade, o 88% son galegos e o 96% nados nalgún lugar de España. Os nados no estranxeiro representan, por tanto, o 4% dos residentes.

O barrio do Paseo das Pontes creouse a finais do século XX urbanizando os amplos escampados existentes entre o parque de Santa Margarita e A Cidade Xardín, construíuse con planificación exemplar este barrio de edificios espazados (de vivendas de alto prezo) rodeados por unha extensa zona verde atravesada polos restos dun acueduto do S. XVIII. É unha zona de alta densidade de poboación, con gran diversidade tanto económica como sociocultural que ultimamente acolle unha elevada porcentaxe de inmigrantes nas que cabe destacar as comunidades de orixe hispano-brasileira e senegalesa.

O CIFP Paseo das Pontes, como o seu nome indica é un centro integrado polo que se imparten todas as ofertas formativas referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais: títulos de formación profesional, certificados de profesionalidade e outras ofertas. Dispón dunha oferta modular e flexible. A orde de creación do Centro publicouse en xuño de 1999 "Orde do 23 de xuño de 1999, DOG do 26 de xullo "pola que se autoriza a posta en funcionamento do Instituto de Educación Secundaria no 2 de A Coruña". Iniciou o seu funcionamento con vinte e



dúas unidades de educación secundaria das que Oito foron de ESO e catorce de ensinanza post-obrigatoria, incluíndo progresivamente ensinanzas da Formación Profesional Específica: Hostalaría e turismo, Téxtil confección e pel e Industrias alimentarias.

Posteriormente produciuse un cambio de denominación a proposta do Consello Escolar e o Centro adoptou a denominación de Instituto de Educación Secundaria "Paseo das Pontes" Orde do 19 de abril de 2000, DOG do 11 de maio. Recentemente o Centro foi transformado nun Centro Integrado de Formación Profesional polo Decreto 118/2011 do 16 de xuño "polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros de formación profesional, se fusionan centros educativos e se cambian ensinanzas".

Oferta educativa:

Oferta educativa de primeiro curso no ano académico 2023-24.

O CIFP Paseo das Pontes oferta ensinanzas para 3 familias profesionais: Hostalaría e Turismo, Industrias Alimentarias e Téxtil, Confección e Pel, nas seguintes especialidades e modalidades:

HOSTALERÍA E TURISMO	Modalidade			
CICLOS	ORDINARI O	MODULAR PRES.	DISTANCIA	DUAL
CB Aloxamento e lavandaría				
CM Cociña e gastronomía	2			
CM Servizos en restauración				
CS Dirección de cociña				
CS Dirección de servizos de restauración				
CS Xestión de aloxamentos turísticos				
Curso Especialización en Panadaría e bolaría artesanal				

TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL	Modalidade			
CICLOS	ORDINARI O	MODULAR PRES.	DISTANCIA	DUAL
CB Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel				
CM Confección e moda				
CS Patronaxe e moda				
CS Vestiario a medida e de espectáculos				

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	Modalidade			
CICLOS	ORDINARI O	MODULAR PRES.	DISTANCIA	DUAL
CM Elaboración de produtos alimentarios				
CM Panadaría, repostaría e confeitaría				
CS Procesos e calidade na industria alimentaria				



Como se observa na táboa, a novidade este curso é a perda dos ciclos CM PRC en modalidade ordinaria, así como unha liña de PAMO en réxime ordinario e tamén o modular. En contraposición, iníciáanse estes dous ciclos en réxime dual de grupo completo, xunto cun novo de EPTOA e DIRCO e que se suman aos dous grupos de COMO dual (1º e 2º). Tamén aumenta a oferta a distancia, con dous novos ciclos (DIRSE e PAMO).

Prevese o desenvolvemento de Accións Formativas para Desempregados (AFD), nomeadamente no 3º trimestre, e que se manteña cando menos a oferta do curso pasado, no que xa se ampliara a oferta cun curso da familia de téxtil.

Continúase co afianzamento das relacións co tecido empresarial e co sector laboral, a través da sinatura de convenios de colaboración e a acreditación de competencias profesionais; así como tamén con outras entidades da nosa contorna no fomento de actitudes de responsabilidade social e sustentables que axuden ao desenvolvemento da comunidade educativa coma cidadáns .

Recursos humanos

- 76 docentes + 4 equipo directivo + 1 asesor DUAL + 1 Orientadora.
- 3 subalternos (conserxería), 2 administración (secretaría), 1 intendencia, 4 pinches e 4 limpeza e 2 profesorado de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe.

Horario do centro

Hora de inicio	luns	martes	mércores	xoves	venres
8:30	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
9:30	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
10:30	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
11:30	descanso	descanso	descanso	descanso	descanso
12:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
13:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
14:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
16:00	Titorías // Reunións // docencia				
17:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
18:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
19:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
20:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia
21:00	docencia	docencia	docencia	docencia	docencia

→ Horario do persoal docente: Pódese consultar no programa XADE/DOC



- Horario do persoal non docente: Pódese consultar no programa XADE/DOC
- Horario de atención ao público:
- Secretaría do centro: das nove as catorce horas de Luns a veneres.
- Conserxería: de oito a vinte dúas horas de Luns a veneres.
- Horario de atención titoría: Pódese consultar no programa XADE/DOC. Preferentemente os luns as 16:00 horas

ASPECTOS ORGANIZATIVOS E CURRICULARES

As NOF (Normas de Organización de Funcionamento) difundirase entre o alumnado do centro a través da páxina web e para toda a comunidade educativa. Ademais os titores/as de cada grupo lembráranas e analizáranas nos seus grupos. Obsérvase que hai uniformidade a hora de aplicar as normas por parte do profesorado e dirección.

A nivel curricular detéctase unha certa falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas e tamén problemas na comunicación e resolución de conflitos, especialmente, no alumnado da FP Básica. A transversalidade no tratamento da comunicación e da adquisición destas habilidades amósase aínda insuficiente. Pero estase traballando no tema, e cada vez hai máis colaboración/interrelación interdepartamental e organízanse moitas actividades en conxunto.

Tamén se detectan necesidades formativas no ámbito da convivencia, resolución pacífica de conflitos. no profesorado.

PARTICIPACIÓN E RELACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Alumnado

A participación do alumnado na vida do centro é alta, cando se desenvolven actividades complementarias a formación e incluso si estas se desenvolven fóra do horario escolar. Tanto o alumnado de Ciclos Formativos coma de Formación Profesional Básica, mostra unha boa resposta as actividades organizadas. O que si hai que salientar é que o alumnado de Ciclos Formativos en réxime de adultos modular non participa apenas nas actividades que se desenvolven fóra do seu horario lectivo. Isto débese sobre todo a motivos laborais.

O alumnado participa activamente no desenvolvemento de actividades complementarias, de emprendemento e tamén se inscriben a concursos e a programas europeos de mobilidade.

Ademais estanse a desenvolver actividades que implican o traballo conxunto de varios departamentos e das dúas familias profesionais do centro.

En cada grupo existe un delegado/a nomeado pola clase, e incluso hai un representante dos Delegados/as.

É importante deixar claros os canles de comunicación do alumnado co centro en materia de convivencia, explicando cada curso, ao comezo, estas canles tanto dende dirección como por parte dos titores.

Profesorado



Boa participación do profesorado na elaboración consensuada de documentos do centro.

Obsérvase interese no profesorado pola formación interna e externa, pero non en temas relativos a convivencia, senón mais ben nos relativos as súas respectivas familias profesionais. A oferta de formación interna no centro é cada vez maior e máis especializada.

Pais e Nais dos menores de idade

A súa participación é clave, principalmente na Formación Profesional Básica na continuidade das medidas propostas polo centro relacionadas coa mellora da conducta dos seus fillos/as. Aínda así non é fácil moitas veces contar con esta colaboración.

Facilítase a comunicación coas familias por diversos canles, sendo a principal o Abalar, pero tamén a vía teléfono ou correo electrónico nos casos que non dispoñen de abalar. Tamén se levan a cabo reunións de presentación/acollida para pais/nais da Formación Profesional Básica, pero a súa asistencia aínda é baixa. O que mellor resultado está obtendo é a realización de entrevistas individuais cas familias e o titor/a, e en ocasións coa presenza da Orientadora.

Persoal de administración e servicios (PAS)

Non se observan problemas neste colectivo da comunidade educativa.

CONFLITIVIDADE

O análise da convivencia faise principalmente a través da observación directa, da información aportada polos órganos de coordinación docente, especialmente os titores/as, do análise dos partes de conduta e da revisión dos expedientes do curso anterior.

REFLEXIÓNS EN RELACIÓN A CONFLITIVIDADE DETECTADA

O profesorado do centro considera que os problemas de disciplina no centro, cando se producen, non son dun carácter grave. Queda ben delimitado o perfil de alumnado que amosa maior conflitividade, concretamente nas ensinanzas de FPB, xa que no resto das ensinanzas impartidas no centro os problemas de conducta son mínimos.

É habitual que se redacten moitos partes, sobre todo nos primeiros cursos de FPB. Coa intervención dos seus titores/as, de orientación e de Xefatura, procúrase reconducir este alumnado para corrixir as súas faltas. Este curso os dous primeiros da FPB están sendo particularmente conflitivos.

Do análise dos partes de incidencias entregados polo profesorado, considérase que as seguintes situacións son as máis frecuentes no centro:

- Falar cos compañeiros/as durante as explicacións do profesor/a.
- Distraccións na clase mentres se explica ou traballa (debuxando, ou xogando)
- Uso inadecuado do móbil na aula.



- Non cumprir as tarefas encomendadas.
- Retrasos antes de comezar a tarefa.
- Non traer material a clase e non cumprir coa uniformidade requirida.
- Agresións verbais (insultos) ou físicas (de carácter leve) entre o alumnado.
- Agresións verbais ao profesorado e desafíos a súa autoridade.
- Agresións ao mobiliario do centro (portas, mesas, pechaduras, taquillas..)
- Facer caso omiso das indicacións do profesorado.
- Saír do recinto escolar durante o horario lectivo (menores de idade).
- Roubo de material no centro.
- Faltas de respecto ao profesorado.
- Faltas recorrentes de puntualidade, sobre todo a primeira hora da mañá.
- Absentismo escolar.

Do análise dos partes tamén se extrae que:

Os conflitos que se producen con maior frecuencia son, nesta orde: os que xorden entre o alumnado e logo entre o alumnado e profesorado, sobre todo por interrupcións, negacións a obedecer as instrucións do profesorado durante as clases.

Respecto ao lugar onde ocorren a maior parte dos conflitos entre o alumnado: na súa maioría teñen lugar fóra do recinto, tamén nos corredores do centro e nas propias aulas. Pero seguimos insistindo que os problemas detectados neste centro, son na súa maioría por desafío ou mala actitude durante as clases ou cara o profesorado, os que implican a varios alumnos/as e agresións entre iguais teñen unha moi baixa frecuencia.

En canto a resolución dos conflitos:

Unha vez detectada a existencia dun conflito de convivencia activase o procedemento de mediación, trala decisión de pertinencia de aplicación tomada polo equipo directivo de oficio ou a instancia de calquera membro da comunidade educativa.

A decisión de aplicación do procedemento de mediación iniciárase coa constitución do equipo de mediación cos seguintes membros:

- A coordinación de convivencia.
- Titor/a do alumno/a.
- Delegado/a de curso.

O equipo de mediación proporá ás partes a adhesión ao proceso de mediación aceptando as condicións requiridas polo equipo de mediación e o compromiso de que, en caso de acordo, aceptárase a realización das actuacións que se determinen. Este acordo de adhesión quedará reflectido por escrito. O inicio do proceso de mediación será comunicado aos titores e aos representantes legais dos alumnos implicados de selo caso.



O equipo de mediación procurará a obtención dun acordo nun prazo máximo de 15 días, prorrogables cando se considere necesario polo propio equipo.

No caso de que o proceso de mediación iniciáse como consecuencia a infracción dunha norma de convivencia, o inicio do proceso paralizará o procedemento sancionador e, no caso de que finalice con acordo positivo entre as partes, non se procederá á imposición de ningunha medida sancionadora. Entre tanto, se non se alcanzase acordo algún, procederase á imposición das correccións oportunas.

- O cumprimento dos acordos de mediación será atenuante no caso de sanción.
- O incumprimento dun acordo de mediación será agravante no caso de sanción.

As actividades anuais de mediación rexistraranse no informe/memoria do ciclo responsabilidade da coordinadora de convivencia e a titoría implicada.

Efectividade das actuacións desenvolvidas

Detéctase, especialmente no alumnado da FPB, que o comportamento, o clima da clase, as habilidades sociais e os valores, en xeral, son unha área pendente, que é necesario abordar para conseguir unha educación integral, pero que polas características e número deste alumnado require máis tempo e dedicación por parte do profesorado do que se dispón.

É crucial a elección do titor/a máis axeitado, cun perfil concreto e con habilidades para tratar a estes alumnos/as. Tamén é moi importante a continuidade do profesorado no grupo durante 2 cursos, fórmense vínculos e foméntase un maior coñecemento de cada alumno/a e das súas familias.

5. Obxectivos e actuacións programadas para o seu desenvolvemento

5.1 Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais de actuación son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/15:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as



manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- e) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- f) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- g) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- h) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Do análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

5.2 Obxectivos Específicos

Despois da análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, fíxanse os obxectivos específicos do centro, que se centrarán en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Os obxectivos específicos centraranse en catro liñas básicas: sensibilizar, garantir a participación, formar e proporcionar instrumentos e materiais:

1. Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia dun adecuado clima de convivencia e da responsabilidade de cada un na creación dun clima de convivencia pacífico.
2. Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa, implicándoos en toadas as actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no centro e fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia.
3. Conseguir o respecto e a integración de todos os membros da Comunidade Educativa sen discriminación algunha de, xénero, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.
4. Proporcionar ou facilitar o acceso a formación dos membros da comunidade educativa, na adquisición da habilidades básicas de comportamento baseadas en prever o conflito ou controlalo cando se produza.
5. Divulgar as normas de convivencia para mellorar o grao de aceptación e cumprimento das mesmas.
6. Prever a vulneración das normas de convivencia así como as condutas disruptivas ou que puideran implicar acoso, intimidación ou maltrato entre membros da comunidade educativa.
7. Dotar de instrumentos para facilitar a comunicación de calquera conflito ou situación de violencia, e elaborar materiais para traballar a adquisición das habilidades sociais básicas



e elaborar protocolos para facilitar a labor do profesorado neste tema.

8. Utilizar a acción titorial como primeiro instrumento para desenvolver a convivencia desde o diálogo, prever os conflitos, procurar solucións de forma pacífica e conxunta e coordinar as liñas de traballo e as respostas do equipo educativo respecto dos desafíos á convivencia.
9. Desenvolver habilidades no alumnado de comunicación, relación social e autonomía.

5.3 Actuacións, medidas ou programas

- 1) Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.
- 2) Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Actuacións organizativas

- Oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna).
- Disponibilidade horaria para as actuacións de convivencia. A análise da convivencia, a adopción de medidas e a comprobación das mesmas é unha actividade que hai que realizar cada ano e require moito tempo. Na hora de facer os horarios hai que ter en conta estas necesidades e asignar horas ao profesorado que teña funcións asignadas neste sentido.
- Fixación de horarios de ocupación das aulas, especialmente nas de uso compartido, talleres, laboratorio, aulas de informática. Xa existen cadros de reserva dos espazos, pero debe ser máis coidadoso e tamén informar ao profesorado de nova incorporación.

Actuacións curriculares

- Implicación dos titores no tratamento da convivencia nas titorías.
- Este tema ten gran importancia na FPB na que as titorías son presenciais e dispoñen de 1 hora a semana. Debe facerse fincapé no traballo sobre convivencia, desenvolvemento de habilidades sociais e educación en valores. Facilitaráselle aos titores/as material dende o Departamento de Orientación e tamén asesoramento para que o traballen semanalmente.
- Fomentar a implicación dos titores/as nas actividades que se desenvolvan no centro en relación a convivencia e tolerancia entre iguais (xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, traballo da temática de violencia de xénero, etc.) Obsérvase que nos ciclos formativos o profesorado participa en menor medida, posto que non dispoñen de hora de titoría grupal semanal.

Actuacións de coordinación

- Elaboración dun calendario máis preciso para as ACF, evitando solapamentos e informando da temporalización prevista, para tratar de prever a saturación en meses concretos.



- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración de protocolos para facilitar e guialos na súa forma de actuación.

Actuacións para garantir a participación

Alumnado:

- Participación na concreción das normas de convivencia e análise das mesmas na aula a través do seu representante de delegados, a quen dirixirlle suxestións e cambios que el pode transmitir a Dirección.
- Actividades que promovan a relación entre alumnado dos diferentes Ciclos: xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, celebración do día internacional contra a violencia de xénero, día internacional da muller, día das Letras Galegas, etc.
- O que máis se trata dende o centro é fomentar a participación e relación do alumnado de FPB, entre eles e tamén co alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior, para elo, organízanse proxectos no centro que implican o traballo de varios cursos a vez.
- Ata o momento a participación e valoración do alumnado nas actividades nas que participou foi moi boa, incluso se observa que propoñen ideas e eles mesmos e organízanse para levalas a cabo, como pode ser a gradación de todos os segundos cursos.

Actuacións formativas en convivencia:

O Centro propondrá actividades formativas no seu Plan de formación interna así como a elaboración de materias formativas para o alumnado.

Actuacións de divulgación:

- Elaboración de presentacións para expoñer nas pantallas do centro sobre conflitos, acoso, etc.
- Campañas de divulgación e coñecemento do Plan de convivencia entre todos os membros da comunidade escolar.
- Seguir colaborando con organismos ou asociacións externas ao centro, como Aspronaga (Asociación pro persoas con discapacidade intelectual de Galicia).
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, etc., a través do Plan director da Garda Civil, de Atalaia Social e do centro Quérote.

Elaboración de materiais de traballo e protocolos de actuación:

- Actualizar protocolo de acollimento do novo alumnado, con actividades de acollida, dinámicas de grupo, para facilitar a integración de todo o alumnado. Estas actividades colgaranse na páxina web do centro, a disposición de calquera profesor que queira empregalas. Xa existe un protocolo de acollida para o profesorado de nova incorporación e tamén para o alumnado.



- Diseñar un protocolo para elaborar as normas de clase, para facilitar ao profesorado a utilización deste instrumento que permite a participación e implicación do alumnado na elaboración das concretas normas de convivencia da aula, o que está demostrado que redonda nun maior cumprimento das mesmas.
- Diseñar/elaborar materiais para traballar nas titorías a xestión do conflito e adquisición de habilidades básicas.

MEDIDAS OU PROGRAMAS

Débese dar unha maior importancia a adopción de medidas de carácter preventivo.

- Dar publicidade ós dereitos e deberes e normas de convivencia e garantir o seu coñecemento. Durante a xornada de acollida lémbrales que poden revisalas a fondo na "Guía do alumnado".
- Definir normas consensuadas e claras de aula e definir claramente as consecuencias do incumprimento das normas.
- Revisar e actualizar periodicamente o "Plan de Convivencia".
- Realizar a nivel de centro actividades de igualdade, contra violencia, acoso, etc.
- Traballar na titoría actividades que traten valores transversais como tolerancia, respecto mutuo, diálogo, etc.
- Implicar ao alumnado e dar fluidez aos canles de información entre eles, titores, equipos docentes, orientación e dirección.
- Programa de formación do profesorado que oferte formación interna nesta materia.
- Elaboración de Protocolos e difusión entre a Comunidade educativa dos publicados pola Consellería.

6. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño

- Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
- Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
- Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal



do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

- Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.
- Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

Seguirase ademais o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

7. Normas de convivencia do centro

De conformidade co establecido no artigo 20 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

- 1) As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.
- 2) equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.
- 3) Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

Todo membro da comunidade educativa do CIFP Paseo das Pontes (alumnado, profesorado, familias, membros do equipo directivo e do Consello Social, do Persoal de Administración e Servizos) está obrigado a realizar as accións necesarias para manter a convivencia no centro, de acordo cos seguintes principios:

- Respetto e tolerancia cara outros membros da comunidade educativa.
- Non discriminación por motivos relixiosos, de sexo, políticos, étnicos ou de calquera outra índole.
- Diálogo como mecanismo básico de solución de problemas entre as persoas, o espírito democrático de participación activa e a cooperación.
- Sustentabilidade. O respecto polo medio ambiente e o noso entorno.



O profesorado, no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico. Polo tanto, cando exerza funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito nos documentos a tal efecto, teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais se é menor de idade.

Tamén se inclúen as NOF (normas de organización e funcionamento) nas guías de acollemento tanto do alumnado como do profesorado.

8. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento

Serán obxecto de corrección disciplinaria:

- as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
- as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar, poderán ser tamén obxecto de corrección disciplinaria.
- as posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento.

Clasificación das condutas contrarias á convivencia no centro:

Para a gradación das medidas correctoras se terán en conta as seguintes circunstancias:


- Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.
- Carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Atendendo a estes puntos as condutas clasificaranse en:

A. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia



B. Condutas leves contrarias á convivencia.



Cando un membro da comunidade educativa entenda que existen feitos que poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección, a fin da súa remisión á administración educativa e/ou ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Para unha descrición máis polo miúdo das normas e do réxime disciplinario haberá que remitirse á Lei 4/2011 de Convivencia e Participación na comunidade educativa e ao Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a mesma.



Tamén se pode consultar documentación ó respecto na páxina de Educonvives:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

9. Difusión do Plan

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa polo que se realizarán as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina Web do Centro e na Aula Virtual coa posibilidade de descargarse.

Alumnado

Aricarase unha ou varias sesións de titoría para dar coñecemento do Plan de Convivencia nos aspectos que máis lles afecten.

Profesorado

Terán acceso a el a través da Aula Virtual e enviaráselle por correo electrónico se así o solicitan.

10. Seguimento, avaliación e propostas de mellora

10.1 Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas directrices anuais ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia o por proposta de alo menos unha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctores e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro, do que se dará conta ao Consello Social.

Ao finalizar na memoria anual farase unha análise da convivencia e conflitividade no centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

10.2 Propostas de Mellora

A memoria recollerá toda as propostas de mellora para levar a cabo no curso seguinte, e tamén como se desenvolverán.

O plan é un documento vivo e que precisa estar en constante actualización, en función das problemáticas detectadas e das necesidades que aparezan. Ademais hai que ter en conta as



propostas de mellora que poden presentar os distintos colectivos, debe analizarse a súa viabilidade e tentar introducir aquelas propostas/ideas máis necesarias para o clima do centro.

O obxectivo é reducir de xeito significativo a conflictividade e conductas negativas detectadas na FPB, que inciden de xeito moi negativo no clima do centro, na carga de traballo de dirección, dos titores/as, de orientación e que e ten unha correlación directa co fracaso nos estudos e co posterior abandono dos mesmos. Todas as propostas, medidas e programas deben ir neste senso e coa participación de toda a comunidade educativa.

